

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE XUÑO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e dous de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 15 de xuño de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 1 de xuño de 2021, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade de 2021, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). (Diario Oficial de Galicia número 111, do 14 de xuño de 2021).

- Orde do 31 de maio de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT211B). (Diario Oficial de Galicia número 113, do 16 de xuño de 2021).

- Orde do 17 de xuño de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 114-Bis, do 17 de xuño de 2021).

- Resolución do 11 de xuño de 2021, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22 Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT302B). (Diario Oficial de Galicia número 117, do 22 de xuño de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 929/2021 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 981/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
929/2021	11-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JAOF
930/2021	11-06-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 450 euros. Solicitante: SRS
931/2021	11-06-2021	Denegación solicitude xunta voceiros extraordinaria
932/2021	11-06-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de xuño de 2021
933/2021	11-06-2021	CM Aluger valos / Centenario Seivane
934/2021	11-06-2021	Comparecencia no procedemento ordinario 0000313/2021, interposición de demanda de reclamación de cantidade fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Cambre, de JAL
935/2021	11-06-2021	Reposición legalidade urbanística pola existencia dunha caseta prefabricada metálica en Seoane, Anceis. Propiedade: MFTG
936/2021	11-06-2021	Declaración de ruína da edificación sita Corgo, Brexo
937/2021	11-06-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dunhas macetas e unhas cadeas metálicas na fronte da edificación sita nos Campóns, Sigrás. Propiedade: p herdeiros ABS
938/2021	11-06-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 16 de xuño de 2021, ás 12:00 horas
939/2021	11-06-2021	CM a Stephanie Maybelle / "Feminísimas", de De Ste Xeito Producións / Rede Cultural
940/2021	11-06-2021	Declaración nulidade respecto do parágrafo segundo do resolvendo primeiro da Resolución da Concelleira delegada da Área de Benestar Social número 1059/2020, de 28 de xullo, pola que se concede a AIS, unha axuda por importe de 400 € correspondente ao recibo de aluguer do mes de abril de 2020
941/2021	11-06-2021	Concesión de fraccionamento de débeda feita por MCFM do recibo nº 3168/204, correspondente a taxa polo servizo de subministración de auga do cuarto trimestre de 2020
942/2021	14-06-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 17 de xuño de 2021
943/2021	14-06-2021	Concesión axuda aluguer por importe total de 825 euros a M.A.L.P.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

944/2021	14-06-2021	Concesión axuda recibo luz por importe de 22,71 euros e de recibo de gas por importe de 47,13 euros a A.M.B.C.
945/2021	14-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 38.275,20 euros
946/2021	14-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 23.162,79 euros
947/2021	14-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 75.236,07 €
948/2021	14-06-2021	Concesión axuda aluguer a A.E.G. por importe total de 700 euros
949/2021	14-06-2021	Concesión de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a W.M.M. e inscrición dun can
950/2021	14-06-2021	Adxudicación contrato menor a Producciones El Asombro; actuación Mago Román. Rede Cultural
951/2021	14-06-2021	Inscrición da Asociación AAPREDFEM no Rexistro municipal de asociacións veciñais
952/2021	15-06-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de maio e o seu pagamento.
953/2021	15-06-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.C.O.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
954/2021	15-06-2021	Delegación matrimonio civil de R.F.S e R.R.P.
955/2021	15-06-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a K.M.L.O. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
956/2021	15-06-2021	Celebración matrimonio civil de F.P.T. e N.G.M.B.
957/2021	15-06-2021	Celebración matrimonio civil de I.I.C. e F.J.P.B.
958/2021	15-06-2021	Concesión axuda aluguer por importe de 302,40 a J.J.G.V.
959/2021	15-06-2021	Multas tráfico - 9950000022798 Acordo de inicio
960/2021	15-06-2021	Expediente sancionador por colocación de valo publicitario sen licenza en terreo sito en Cruceiro, Cambre. Propiedade: E.G.S.A.
961/2021	15-06-2021	Adxudicación contrato menor a Contraproducións, S.L. para a actuación de Cándido Pazó (Rede Cultural)
962/2021	15-06-2021	Adxudicación contrato menor a Juan Alfonso Curiel Ares para a actuación "Teatro dos vieiros", con Charo Pita. Rede Cultural
963/2021	15-06-2021	Adxudicación contrato menor a María Josefa Mariño Carreira para actuación de De Vacas, co espectáculo "Tour vacanal". Rede Cultural
964/2021	15-06-2021	Adxudicación contrato menor a Tarabela Creativa, S.C. para o espectáculo Tabú. Rede Cultural
965/2021	15-06-2021	Adxudicación contrato menor a Asociación Cultural Espadana Tradicional - Charanga "Os Máquinas"
966/2021	15-06-2021	Corrección de erros da resolución núm. 820/2021, de data 27/05/2021, de aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de abril de 2021, e da produtividade do primeiro trimestre de 2021 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de maio de 2021.
967/2021	15-06-2021	Aprobación do cadro de vacacións para o ano 2021 dos empregados públicos do Concello de Cambre
968/2021	15-06-2021	Subvención Inega 2021: Enerxías renovables. Instalación de caldeira de bioamasa Casa Concello – Aprobación proxecto e solicitude subvención
969/2021	16-06-2021	Concesión axuda recibos de luz por importe total de 321,45 euros a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		M.M.D.I.S.
970/2021	16-06-2021	Concesión axuda aluguer por importe de 850 euros a J.M.S.
971/2021	16-06-2021	Concesión axuda para recibos de gas por importe total de 97,16 euros a M.C.C.
972/2021	16-06-2021	Recurso de reposición interposto por R.N.P., ante resolución de denegación da subvención PEL Reactiva por resolución núm.322/2021 de 5 de marzo.
973/2021	17-06-2021	Avocación de funcións da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos do día 12 ao día 20 de xullo, ambos incluídos
974/2021	17-06-2021	Expediente sancionador por vertidos de entullos en Sigrás de Abaixo. Responsable: M.A.G.P.
975/2021	17-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 34.782,05 euros
976/2021	17-06-2021	Aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2021 Alcaldía
977/2021	17-06-2021	Multas tráfico – 99500000022832. Resolución sancionadora
978/2021	17-06-2021	Multas tráfico - 5308/2021 Resolución de primeiras alegacións
979/2021	17-06-2021	RCU pola que se concede a P.E.M.P. licenza municipal para a construción dunha edificación auxiliar de 133,46 m2, destinada a almacén e cuberto agrícola, en terreo situado no lugar de Agra do Mero, Sigrás
980/2021	17-06-2021	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2021
981/2021	17-06-2021	Expediente de orde de execución para a limpeza de maleza e retirada de residuos existentes en terreo sito no Temple ao lado da estrada N-VI, denominada "Casas Bailly". Propiedade: Fincela, S.L.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Corrección de erro material na proposta de adxudicación da obra "Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador "OGMIOS PROYECTO, S.L.".Expte: 2020/C003/000008

- Proposta de designación de coordinador de seguridade e saúde para as "Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música". Expediente núm. 2021/C002/000004

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C005/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), para a "Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre"

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Corrección de erro material na proposta de adxudicación da obra "Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador "OGMIOS PROYECTO, S.L.".Expte: 2020/C003/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 15 de xuño de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre aprobou adxudicar a obra "**Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020**", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, á empresa "OGMIOS PROYECTO, S.L.", no prezo ofertado de 552.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído).

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 18/06/2021, no que se fai constar que foi advertido erro de transcripción no importe sen IVE da oferta formulada pola empresa adxudicataria, que é realmente de **522.800,00 euros**, e non de "552.800,00 euros", e constando esta cifra incorrecta no contido na proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a súa rectificación, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, en virtude do cal "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*"

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, proceder á rectificación do erro material detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 15 de xuño de 2021, e consistente na transcripción errónea do prezo de adxudicación sen IVE do contrato para execución da obra de "*Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020*", que é realmente de 522.800,00 euros e non de 552.800,00 que consta no texto do citado acordo.

Segundo: En consecuencia co anterior, o acordo adoptado, unha vez rectificada a indicada cifra, quedaría redactado do seguinte teor literal:

«B) Proposta de adxudicación da obra "*Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020*", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador "OGMIOS PROYECTO, S.L.", no prezo ofertado de 522.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C003/000008 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, cun orzamento base de licitación de 657.218,29 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 21 de maio de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol do licitador “OGMIOS PROYECTO, S.L”, no prezo ofertado de **522.800,00 euros sen IVE** (632.588,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 8 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 11 de xuño de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 197/2021 Fase D emitido polo interventor municipal con data do 12 de xuño de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro : De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 25 de marzo e 14 de abril de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a seguir se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 11.1, 12.B e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, e ter achegado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo da cláusula 12.B. do mesmo:

- Alvac, S.A.
- Instalime, S.L.
- Obras y Viales de Galicia, S.L.
- Ogmios Proyecto, S.L.
- Sergonsa Servicios, S.L.

Segundo: Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 29 de abril de 2021 ratificado pola Mesa de Contratación con data 21 de maio de 2021, as seguintes puntuacións parciais e totais correspondentes aos criterios non evaluables mediante fórmulas que integran a primeira Fase de Valoración das

ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (Plan de control interno de calidade, Programa de traballo e Programa de actuación ambiental):

- Plan de Control interno de calidade :

EMPRESAS	PLAN CONTROL CALIDAD
ALVAC S.A.	3,75
INLASTIME S.L.	2,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	3,75
OGMIOS PROYECTO S.L.	4,25
SERGONSA SERVICIOS S.L.	3,25
puntuación	0 - 5
definición completa total ou suficiente adaptación	3,40 - 5,00
definición completa insuficiente adaptación	1,60- 3,30
definición parcial suficiente adaptación	0,10 - 1,50
definición parcial insuficiente ou nula adaptación	0

- Programa de traballo

EMPRESAS	PROGRAMA DE TRABAJO
ALVAC S.A.	16,50
INLASTIME S.L.	9,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	12,75
OGMIOS PROYECTO S.L.	16,00
SERGONSA SERVICIOS S.L.	10,25
puntuación	0 - 20
definición completa total ou suficiente adaptación	13,1 - 20,00
definición completa insuficiente adaptación	6,10 - 13,00
definición parcial suficiente adaptación	0,10 - 6,00
definición parcial insuficiente ou nula adaptación	0

- Programa de actuación ambiental :

EMPRESAS	ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL
ALVAC S.A.	3,90
INLASTIME S.L.	1,75
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	4,35
OGMIOS PROYECTO S.L.	5,40
SERGONSA SERVICIOS S.L.	2,50
puntuación	0 - 6
definición completa total ou suficiente adaptación	4,00 - 6,00

definición completa insuficiente adaptación	1,90- 3,90
definición parcial suficiente adaptación	0,10 - 1,80
definición parcial insuficiente ou nula adaptación	0

- Total puntuacións Fase 1 (Criterios non avaliados mediante fórmulas)

EMPRESAS	TOTAL F1
ALVAC S.A.	23,90
INLASTIME S.L.	13,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	20,85
OGMIOS PROYECTO S.L.	25,65
SERGONSA SERVICIOS S.L.	16,00

Terceiro : De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 21 de maio de 2021, e tendo en conta que a puntuación global obtida na primeira fase de valoración pola empresa "Inlastime, S.L." non alcanzou os 15,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1 de valoración das ofertas), excluír a este licitador da seguinte fase do procedemento, e , polo tanto, da licitación, iso en aplicación do disposto na Cláusula 15.1) e Anexo IV Fase I do PCAP, segundo as cales :

"As empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no Anexo IV na Fase 1 non continuarán no proceso selectivo"

"As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración : plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda Fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios"

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 21 de maio de 2021, as seguintes puntuacións parciais e totais correspondentes aos criterios avaliados mediante fórmulas que integran a segunda Fase de Valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (Oferta económica e porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa), así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 515.309,44 euros sen IVE, resultando que ningunha das ofertas se atopa nesta circunstancia:

EMPRESA	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos porcentaxe de persoal fixo	TOTAL
ALVAC SA	517.898,87 €	18,23	6,98	25,21
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	525.140,50 €	13,01	8,79	21,80
OGMIOS PROYECTO SL	522.800,00 €	14,70	10	24,70
SERGONSA	516.219,00 €	19,44	6,68	26,12

Quinto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas admitidas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

ORDEN	EMPRESA	PUNTOS FASE 1	PUNTOS FASE 2	TOTAL
1º	OGMIOS PROYECTOS SL	25,65	24,70	50,35
2º	ALVAC SA	23,90	25,21	49,11

3º	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	20,85	21,80	42,65
4º	SERGONSA	16,00	26,12	42,12

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 21 de maio de 2021, adjudicar a obra "Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, á empresa "OGMIOS PROYECTO, S.L.", con NIF *****6328 e domicilio en rúa Alcalde Electo Carballo 38 baixo-15174 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de **522.800,00 euros sen IVE** (632.588,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse, ademais de na baixa económica ofertada, no Plan de control de calidade presentado, Programa de traballo e Programa de actuación ambiental aportados e na porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Oitavo: Designar como director da obra e responsable do contrato, ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra, e mailo control de calidade da mesma, exerceranse polas entidades que resulten adjudicatarias dos expedientes nºs 2020/C004/000022 e 2020/C004/000021, que actualmente está a tramitar o Concello de Cambre para adjudicación dos servizos correspondentes á coordinación de seguridade e saúde e control de calidade das obras promovidas polo concello.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



Décimo: *Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de designación de coordinador de seguridade e saúde para as "Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música". Expediente núm. 2021/C002/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 16 de marzo de 2021, adoptou o acordo de adxudicar o contrato para as "Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música", a empresa Cabodeiro S.L, no prezo ofertado de 12.092,02 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 14.631,34 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, (prezo), aprobando, así mesmo, a Memoria Valorada elaborada polo Coordinador da área de cultura e deportes.

Visto que, na citada memoria, faise constar que "Está incluído no prezo de licitación, o custo de máquina/elevadora necesaria para a execución dos traballos, así como a coordinación de seguridade e saúde."

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 08 de xuño de 2021, no que expresamente indica que , con data 25/05/2021 e rexistro de entrada 202199900002771 presentouse por CABODEIRO S.L, a aceptación do nomeamento, como coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das estas obras de don Bruno R. Abeledo Castro, polo que o citado arquitecto emite informe favorable para a aprobación do nomeamento , propoñendo elevar a proposta ao órgano de Contratación para proceder ao seu nomeamento.

En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Nomear como coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras de "Mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música", (exp. 2021/C002/00004) a don Bruno R. Abeledo Castro, designado pola entidade adxudicataria da obra "Cabodeiro, S.L."

Segundo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de por se tratar dun acto de trámite, non é susceptible de recurso, esto de conformidade co establecido nos artigos 112 ao 120 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Terceiro: Notifíquese ao coordinador de área de Cultura, Deportes e Xuventude, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C005/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), para a “Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 5 de abril de 2021, asínase polo enxeñeiro técnico municipal o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre, que contén os criterios de valoración das proposicións, solvencia, penalidades, e mailas condicións especiais de execución do contrato.

Coa mesma data do 5 de abril de 2021, elaborouse polo mesmo técnico municipal a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, así como, coa mesma data, o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 36.630,00 euros e un orzamento base de licitación de 20.146,50 euros IVE incluído.

Consta documento de retención de crédito asinado polo interventor municipal con data do 5 de maio de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 165.61900

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 16/06/2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e máis polo interventor municipais, de data 21 de xuño de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello, de conformidade co establecido no artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “... *outros equipamentos da súa titularidade*”), sendo a iluminación pública un servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios, consonte ao artigo 26.1.a) da LBRL, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C005/000009, por procedemento aberto simplificado

abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación: 20.146,50 € IVE incluído
- Valor estimado: 36.630,00 euros
- Prazo de execución : A execución da subministración obxecto do presente contrato comezará a partir da data de aceptación, polo contratista, da resolución de adxudicación e terá unha duración dun ano, podendo prorrogarse por outro ano máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración principal do contrato

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 165.61900, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto do incremento do número de unidades a subministrar previsto no artigo 301.2 da LCSP.

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia